



CONCELLO DE REDONDELA

O Concello de Redondela resultou beneficiario dun Programa Integrado de Emprego cunha subvención de 208.000 euros e cunha cofinanciación de 42.000 euros destinados a reinserción laboral de diversos colectivos de persoas desempregadas.

O Plan de Emprego de Redondela VIII, (PER VIII) como se denomina o proxecto, está dirixido a 100 persoas: 5 persoas desempregadas con discapacidade, 20 persoas desempregadas en risco de exclusión social; 35 persoas desempregadas menores de 30 anos con baixa cualificación, 15 persoas desempregadas menores de 30 anos cualificadas, 10 persoas desempregadas maiores de 45 anos, 15 persoas desempregadas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego ou renda activa de inserción.

O proxecto ten un obxectivo de inserción do **42%**.

No proxecto desenvolveranse as seguintes accións:

- a) Información, orientación e asesoramento.
- b) Formación transversal en novas tecnoloxías e/ou idiomas.
- c) Técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a procura de emprego, tanto por conta propia como allea.
- d) Habilidades sociolaborais e talleres de entrevista.
- e) Fomento da capacidade emprendedora.
- f) Prospección empresarial.
- g) Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes.
- h) Formación para o emprego.
- i) Prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia, preferentemente, co contido teórico práctico das accións formativas.
- j) Talleres sobre mobilidade laboral que proporcionen información dos recursos dispoñibles de mobilidade transnacional no territorio da Unión Europea (rede [Eures](#)).

Todas as accións que se fagan no programa non supoñen coste algún para as persoas desempregadas. Facilitaranse tamén axudas para os desprazamento e medidas de conciliación para aquelas persoas non perceptoras de prestacións con dependentes a cargo menores de 12 anos.

Para mais información poderán acudir ao Centro de Formación Municipal A Marisma, no Paseo do Pexegueiro, nº 6, 36800 Redondela ou no tf 986 402 664 ou solicitar a súa participación nos servizos públicos de emprego do Concello de Redondela, sitos na parroquia de Redondela ou en Vigo (Oficina de San Xurxo Badía) para a veciñanza da parroquia de Chapela.

